

GUÍA DE LECTURA

EQUIPO DE BIBLIOTECA
CEIP DE RANDUFE




ISTO E AQUÍLO. Tomi Ungerer. Kalandraka.
Libro visual sobre accións e emocións confrontadas: rir-chorar, amar-compartir, cantar-bailar... Chocantes relacións entre palabras e imaxes con sentido do humor.



PRELECTORES/-AS

NO OVO. Emma L. Squillari. Kalandraka.
Doce ovos de diferentes tamaños, cores, e texturas e, en cada un, unha criatura a piques de nacer. Ao principio, o interior da casca é un lugar seguro pero o esoazo mingua a medida que os animalíños medran. Ata que chega o emocionante momento de nacer!



LOS TENTÁCULOS DE BLEF. CELOS. Eva Clemente. Ed. V. Vives.
O pequeno extraterrestre Blef axudaranos a explorar a emoción dos ciúmes e expresala de xeito san, respectuoso e moi divertido.

EL ABRIGO DE JANA. Lola Ordóñez. Ed. Emonautas.
O que cremos de nós mesmos e da vida chega a ser a nosa verdade e iso é o que lle ocorre a Jana. Jana sempre leva posto un abrigo gris e detrás dese abrigo están todas as súas inseguridades, a súa baixa autoestima e todos eses medos.




NUBE BRANCA E O PINGÜÍN VALENTÍN. Pablo Nogueira. Ed. Baía.
Ao poboado de Nube Branca chegou un pingüín que devecía por voar. Pero por máis que axitaba as ás non era quen de facelo.

PRIMEIROS/-AS LECTORES/-AS

O CONTO DO OUTRO DÍA. Roberto Aliaga. Kalandraka.
Representa o amor incondicional aos fillos a través dun tenro diálogo, do que se desprende a capacidade dos nenos para conseguir que os adultos recuperen a fantasía e a emoción.



LECTORES/-AS AUTÓNOMOS/-AS



PATIO DE LUCES.

Érica Esmoris. Xerais.
O avó de Lea é porteiro dun edificio, unha profesión en perigo de extinción. A Lea, o baixo do avó parécelle moi aburrido, agás polo patio de luces. Alí observa os tendais e imaxina como será a vida deses veciños aos que nunca viu.



FÁBULAS CONTADAS.

Gonzalo Navaza. Xerais.
As fábulas son pequenos relatos de intención moralizante. Neste libro o autor refai en versos rimados algunhas das máis coñecidas dun xeito orixinal e divertido.


LECTORES/-AS EXPERTOS/-AS

A SEÑORITA BUBBLE BAIXO CERO.

Leticia Costas. Xerais.
Lady Bubble comeza unha nova vida nunha preciosa vila de Laponia. Os problemas non tardan en petarlle na porta. Nesta nova aventura vai ter que enfrontarse a un poderoso inimigo.

PLAN DE RESCATE.

Antía Yáñez. Xerais.
Xeila, Heitor, Aldán e Noela están traballando na aula cando algo raro acontece: tras un estrondo, a profe Xoana desaparece. Unha aventura na que hai escopetas, sangue, xuramenos e ata un plan de rescate, ademais de amizade e compañeirismo.




UN BATIDO DE EMOCIONES.

Nora Rodríguez. Ed. V.Vives
Seguro que hai momentos nos que pasas da risa ao pranto, alporízaste, berras e mesmo perdes o control sen saber por que. Con estes consellos prácticos controlarás as túas emocións e sentimentos, enfrontaraste mellor á toma de decisións e á forma de relacionarte cos demais.



ECO HÉROES. VIDAS EN DEFENSA DEL PLANETA.

Federica Magrin. V. Vives.
Le e inspírate cos protagonistas destas vinte historias, grandes personaxes comprometidos na defensa da natureza e o medio ambiente, como Greta Thunberg, Julian Huxley o Jane Goodall.



LECTORES ADULTOS




ONCE CONTOS PEREGRINOS.
Vanessa Fernández. Ed. Toxosoutos.
Esta obra recolle o vestixio de antigas lendas en Galicia, crenzas e rituais, todo un pensamento máxico que conforma un carácter e unha comunidade. O libro recupera a parroquia dos vivos e a dos mortos, para non esquecerlos.



O PAÍS ONDE MEDRAN OS LIMOEIROS.
Helena Attlee. Ed. Rinoceronte
A orixe dos cítricos percorre a historia de Italia. Helena guíanos nunha viaxe única e intensa polo pasado cultural, moral, culinario e político deste país, entretecendo literatura de viaxes, historia, receitas, horticultura e arte.

EXTRA!
Paco Nogueiras. Ed. Kalandraka.
Este traballo achega doce cancións con inspiración na prensa escrita, dispoñéndose como nun xornal con distintas seccións. Abordan noticias, sucesos, cultura, deportes, opinión, pasatempos... con ritmos modernos e frescos, pegadizos, bailables.


PARA ESCOITAR



CANTOS CONTOS EN CANTOS.
Almudena Janeiro. Ed. Oqo.
Trece cantos de procedencia e contidos diversos. A máis das referencias aos distintos contos a obra complétase cun DVD con vídeos de animación e karaoke.



OUTROS



JUGUEMOS A HACER YOGA. DIVIÉRTETE.
Lorena Pajalunga. Ed. V. Vives.
Coas técnicas do ioga consegue que os teus nenos e nenas se divirtan e crezan sans e felices, conseguindo aumentar a concentración, a tranquilidade e a confianza en sí mesmos.



¡MIRA, BUSCA, ENCUENTRA!
Agnese Baruzzi. Ed. V. Vives

Es un observador atento? Gústanche os retos difíciles de superar? Se é así, este libro xigantesco é xusto o que buscabas! Multitude de animais enchen as páxinas do libro e intentan ocultarse tras unha colorida ambientación rica en detalles.